

Materia	EDUCACIÓN PLÁSTICA	Pág.	1
Curso / Ciclo	3º de EDUCACIÓN PRIMARIA		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
<p>Cor: Cores frías e cálidas. Gammas de cor. Cores primarias e secundarias.</p> <p>Forma: Tipos de liña. Esquemas de debuxo. Creación de texturas visuais.</p> <p>Organización do espazo gráfico: Distribución de elementos sobre o plano. O encaixado en debuxo. Formato vertical e formato horizontal.</p> <p>Tridimensionalidade: Construcción dun cubo e decoralo Un adorno de Navidad</p>	<p>Cor: Fondos de cor. Utilización expresiva da cor. Luces e sombras.</p> <p>Forma: Debuxos de formas artificiais. Formas xeométricas. Estampacións con patróns.</p> <p>Organización do espazo gráfico: Distribución de elementos sobre o plano. O eixe de simetría. Superposición de obxectos.</p> <p>Tridimensionalidade: Unha carroza de entroido Construcción dun calendario. Unha tarxeta en tres dimensións.</p>	<p>Cor: Cores naturais. Interpretar utilizando outras cores. Esfumar cores.</p> <p>Forma: Debuxar con liñas, puntos e manchas. Esquemas para debuxar. A figura humana en distintas posicións.</p> <p>Organización do espazo gráfico: Distribuir elementos sobre o plano. De fronte e de perfil. Montar unha figura con pezas.</p> <p>Tridimensionalidade: Construcción e decoración dun cofre. Un cadro con volume.</p>

OBXECTIVOS

- Coñecer as características propias de cada técnica plástica manexada.
- Considerar a importancia da percepción visual e a expresión creativa ao aplicar a técnica propia de cada actividade.
- Observar, recoñecer e analizar diferentes versións dunha obra de arte.
- Gozar da habilidade visual e manipulativa co completado dunha obra.
- Desenvolver o trazado da figura animal en diferentes posicións e actividades.
- Recoñecer diferentes formas de animais e reproducilas tendo en conta os seus esquemas e proporcións.
- Coñecer esculturas famosas e discriminar as formas xeométricas da súa composición
- Recoñecer ámbitos da vida cotiá do alumno; ser capaz de completar escenas integrando figuras en movemento.
- Aproveitar materiais de refugallo para realizar unha colaxe
- Valorar o retrato como motivo artístico.
- Manexar o pincel con soltura ao colorear coas témperas.

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

- Considerar as diferentes posibilidades plásticas ofrecidas polas ceras brandas.
- Identificar e localizar visualmente as pezas separadas dunha pintura.
- Analizar e valorar a harmonía que existe entre as tonalidades logradas.
- Estimular a valoración das paisaxes naturais e comprender os beneficios que achegan ás persoas mellorando a súa calidade de vida.
- Exercitarse no coidado da natureza.
- Coñecer algunhas manifestacións artísticas significativas de pintores de renome universal, e indagar sobre as súas biografías.
- Recoñecer e valorar obras do patrimonio cultural do propio medio, así como outras doutros pobos.

METODOLOXÍA

A metodoloxía será activa, participativa e globalizadora, favorecendo a integración dos alumnos/as na dinámica xeral da aula para a adquisición das aprendizaxes. Arbitraranse dinámicas que fomenten o traballo en grupo, partindo do noso contorno. A linguaxe utilizada será clara e sinxela e a gradación das actividades fará que aparezan en último lugar as que requiren maior esforzo.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación practicarase da seguinte maneira:

- **Individualizada:** centrándose na evolución de cada alumno/a, e na súa situación inicial e particularidades.
- **Cualitativa:** onde se aprecian e avalían de forma equilibrada os distintos niveis de desenvolvemento do alumno/a.
- **Orientadora:** achegando ao alumno/a a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe.
- **Continua:** contrastando os diversos momentos de aprendizaxe pasando por unha fase
- **Inicial:** que nos achega datos acerca dos coñecementos previos de cada alumno/a.
- **Os instrumentos a utilizar:** a observación directa do traballo diario da clase, reproducir esquemas por escrito e fichas de avaliación para comprobar a adquisición de coñecementos.